

UNHA EXPERIENCIA PARA O FOMENTO DA LECTURA NAS AULAS DE E.X.B.

Rosa Quintas Losada
María Fe Lorenzo Villar
Aurora Ricart Míguez
Ramón Irago Silva

I. Dentro do contexto da Reforma Educativa, un grupo de profesores xuntámonos para realizar unha experiencia de lectura con alumnos do 8º nivel de E.X.B.

Na Area de Lingua e Literatura, decidimos adicarnos ó aspecto citado por considerar que unhas boas habilidades lectoras posibilitan un mellor rendimento académico e porque no noso país non se lle vén dando á lectura a importancia debida.

Con esta idea, naceu este Grupo de Traballo que considera como fundamentais os seguintes obxectivos:

OBXECTIVO XERAL:

- Formación de lectores.

O. EXPECÍFICOS:

- Despertar interese pola lectura.
- Mover ós alumnos ó coñecemento das obras escollidas.
- Despertar e aumenta-la curiosidade intelectual.
- Contribuir ó correcto manexo do libro a ler.

O. DO GRUPO DE TRABALLO:

- Socialización de experiencias profesionais.

ACTIVIDADES PREVISTAS:

- Selección de libros con tema adaptado á idade, intereses e capacidade lectora dos alumnos.
- Lectura individual polos alumnos destes libros: VEVA, Carmen Kurt. Edit. Noguer.
- BEN QUIERE A ANNA, Peter Härtling. Edic. Alfaguara.
- Lectura oral de determinados capítulos de PLATERO Y YO (Juan Ramón Jiménez).

nez) para estudar aspectos como: Humanización de Platero, o tempo, as festas, os animais, adxectivación...

- Confeccionar cuestionarios para avalia-la comprensión lectora dos alumnos.
- Preparación de material para realiza-las actividades propostas: fichas, cuestionarios, audiovisuais.
- Xuntanzas e debates periódicos para clarificar ideas e unificar criterios que favorezan a consecución dos obxectivos.

RECURSOS:

- Libros elexidos.
- Biblioteca escolar e de aula.
- Cuestionarios e fichas.
- Dicionarios-Enciclopedias.
- Diapositivas, cassettes...

II. O traballo comezou en maio de 1988 coa lectura de VEVA e BEN QUIERE A ANNA.

Fases do traballo:

A) A elección dos libros fixérona os propios alumnos, movidos polo entusiasmo amosado por compañeiros de cursos anteriores que xa os leran.

Con isto, conseguíuse a motivación adecuada, que reforzamos coa colocación no taboleiro da biografía dos autores.

B) Para a lectura individualizada das obras elexidas contaron con quince días.

Ó mesmo tempo entregóuselles un cuestionario de comprensión lectora coa finalidade de que reparasen nos seguintes aspectos:

CUESTIONARIO DE ANIMACIÓN LECTORA PARA "VEVA"

NOME E APELIDOS:

NIVEL: DATA:

FICHA DO LIBRO

TÍTULO:
AUTOR:
EDITORIAL:

1) Observa estas palabras: REAL, IMAXINARIA, POSIBLE, DIVERTIDA, FANTÁSTICA, IRREAL. Escolle tres para califica-la obra que liches.

2) Veva é a protagonista, pero ¿con quen comparte a historia?

3) Avalía o contido da obra respostando ás seguintes cuestións:

a) ¿Que che gustou máis?

- b) ¿Que che resultou máis divertido?
- c) ¿Que consideras coma o máis real?
- d) ¿E o máis aburrido?
- 4) ¿Que pensas do comportamento de Natacha?
¿A que atribúes o seu modo de ser?
- 5) ¿Cal á a idea central do capítulo "HAY QUE AYUDAR UN POCO"?
- 6) Localización espacial e temporal da historia.
- 7) ¿Por que entre Veva e a súa avoa hai unha compenetración tan grande?
¿Existe hoxe entre netos e avós esta comprensión? Razona a resposta.
- 8) Retrato físico e moral da avoa.
- 9) ¿Por que a avoa chama "vida mía" a Veva?
- 10) En toda novela hai unha introducción, un nó e un desenlace.
¿Atopas estes tres elementos en Veva? Indícaos.
- 11) Breve síntese do argumento da obra.

CUESTIONARIO DE ANIMACIÓN LECTORA PARA "BEN QUIERE A ANNA"

- 1) Nome completo dos protagonistas.
 - 2) Familia completa de Ben: nomes e profesións.
 - 3) ¿Que detalles físicos e psíquicos observou Ben en Anna?
 - 4) Descrición de Anna.
 - 5) ¿Coñeces algunha historia semellante a esta? En caso afirmativo, redáctaa brevemente.
 - 6) ¿Escribiríaslle outro final a esta historia? ¿Cal?
 - 7) Xulga algunha actitude dos pais de Ben (negativas e positivas)
 - 8) ¿Que personaxe che resultou máis atractivo?
 - 9) O autor canda narra, ¿que persoa gramatical e tempo verbal utiliza?
 - 10) Observarías no libro a mestura constante de narración, descrición e diálogo. ¿Cal das tres formas de expresión predomina?
 - 11) O estilo xeral da obra, ¿párecete sinxelo ou rebuscado?
Razona a resposta.
 - 12) ¿Destacarías especialmente, en canto á forma de expresión, algún detalle da páxina 13? ¿Cal?
 - 13) Breve síntese da historia de Ben e Anna.
- C) Como colofón fíxose unha posta en común, moi enriquecedora, pois cada alumno expuxo o seu punto de vista sobre as obras lidas.
- D) CONCLUSIONES: Como as obras escollidas son moi sinxelas, non houbo dificult-

tade á hora de responder ós cuestionarios. Unicamente as preguntas 9-11 de VEVA resultaron un tanto complicadas.

Na primeira (9), non souberon capta-la idea de que VEVA é o motivo para que a avoa tome interese pola súa vida, que coidaba se lle ía das mans, sentíase vella e inútil; tanto é así, que tiña pensado irse a unha residencia de anciáns.

Na segunda (11), observamos que o neno tende máis a relata-la obra que a presenta-lo esqueleto da mesma.

En BEN QUIERE A ANNA constatamos que naquelas preguntas que exixían un maior grado de creatividade (5-6), á hora de expresarse son moi parcos, din o menos posible.

III. En setembro do 1988, e ó longo do Curso 88/89, traballamos especificamente sobre PLATERO Y YO co obxectivo concreto de aprende-lo manexo dunha obra.

A) Os pasos a seguir foron os seguintes:

- 1) Presentación ós alumnos do Plan de Traballo.
- 2) Traballo por grupos sobre a época do autor, estudiando:
 - Aspecto político.
 - Aspecto económico.
 - Arte.
 - Literatura.
 - Biografía do autor.
 - Comunidade andaluza.
- 3) Posta en común do estudiado anteriormente.
- 4) Lectura por equipos. A cada equipo entregóuselle un caderno de traballo.
- 5) Cada grupo estudiará un aspecto da obra: personaxes, estilo, tema...
- 6) Posta en común.
- 7) Propoñer que cada alumno escriba algo como:
 - Outro final para a obra.
 - Unha carta ó autor falándolle da obra.
 - Unha aventura na que interveñan os personaxes...
- 8) Outras actividades interdisciplinares:
 - Situar nun mapa mudo a Comunidade, provincia e lugar de nacemento de J.R. Jiménez.
 - Representación plástica de aspectos presentados na obra: animais, paisaxes...
 - Traducción ó galego dalgún capítulo.
- 9) Realización dun sencillo audiovisual sobre J. Ramón e a súa obra.

Para esta actividade, os alumnos solicitan material gráfico ó Colexio de E.X.B., "Zenobia Camprubí" de Moguer.

B) Dada a complexidade da obra, seleccionamos aqueles aspectos que coidamos como máis motivantes e atractivos para os alumnos.

Estes aspectos foron:

- As festas
- Os animais
- Humanización de Platero
- Adxectivación
- O tempo
- Os personaxes

Aínda que estes aspectos aparecen tratados en diversos capítulos, só traballamos cos alumnos aqueles que mellor reflexaban o que queríamos estudar.

C) A continuación presentamo-las fichas de traballo precedidas dunha introducción.

1C. OS ANIMAIS EN "Platero y yo"

Consideramos interesante o estudio do apartado dos animais nesta obra. Juan Ramón adícalles un tratamento especial dentro de todo o conxunto da Natureza.

Resultaría curiosa e entretenida unha simple enumeración dos diferentes seres do reino animal que desfilan polo libro; comprobaríamos que se trata dunha auténtica Arca de Noé.

Está claro que Juan Ramón sinte unha especial predilección polos animais; parece coma se se entendese mellor con eles que cos homes. Os animais son os protagonistas en moitos capítulos. O poeta descríbeos físicamente e fainos ve-lo seu comportamento descubríndonos os seus grandes valores.

Aproveita, moitas veces, para critica-los comportamentos dos homes.

Para estudar este apartado suxerimos unha serie de capítulos (15) nos que aparece algún animal. O alumno terá en conta os rasgos físicos caracterizantes, as súas cualidades, e tentará descubri-la mensaxe, crítica unhas veces, e tamén o simbolismo que lles quixo atribuír Juan Ramón.

ESTUDIO DO CAP. LXI "LA PERRA PARIDA":

- a) Rasgos físicos
- b) Cualidades
- c) Mensaxe de J. Ramón
- d) Simbolismo deste animal

CAPÍTULOS NOS QUE PODERÍAN ESTUDIARSE OS ANIMAIS:

- | | |
|--------|---------------------|
| I | Platero |
| XXV | La primavera |
| XXVII | El pero sarnoso |
| XXX | El canario vuela |
| LI | Lord |
| LXI | La perra parida |
| LXIII | Gorriones |
| LXXXII | El canario se muere |

LXXXVI	El perro atado
LXXXVII	La tortuga griega
XCI	Almirante
CVI	El toro huído
CVIII	La yegua blanca
CXIII	El burro viejo
CXXX	Los burros del arenero

2C. A HUMANIZACIÓN DE PLATERO

Cremos que ó estudiarmos unha obra literaria debe chegarse a unha total compenetración entre os elementos AUTOR-PERSONAXES-MENSAXE-LECTOR. Por iso propoñemos o estudio desta obra baixo este aspecto da "humanización" que Juan Ramón quixo imprimir ó seu Platero.

Poderá parecer atrevida a afirmación de que Platero non foi un burro, senon unha persoa, e unha persoa maravillosa. Juan Ramón chega a escribir "¡Cuánto tendrían que aprender de ti algunos hombres, Platero!". Non debe ser tan atrevido este aspecto cando moitos alumnos que leron e estudaron esta obra preguntan se existiu Platero, ou entristecen cando len capítulos como "La muerte" ou "Nostalgia"...

Podería decirse que toda a obra é unha humanización de Platero desde o momento no que o burriño é o único confidente das penas, soidades e ledicias do poeta.

Un dato a ter en conta é o continuo emprego do vocativo referido a Platero. Nos capítulos que sinalamos ó remate deste apartado, o alumno poderá investigar e estudar rasgos típicamente humanos como: delicadeza, tenrura, tristeza... Queremos que observe especialmente:

a) CUALIDADES:

delicadeza	medo	bondade
generosidade	tristeza	paciencia
obediencia	inocencia	tenrura
aburrimiento	agradecemento	ledicia

b) Que Platero forma parte da familia de Juan Ramón: é un máis.

Participa nas ledicias e nas mágoas.

d) É piropeado. Sinte vergoña.

e) Recibe atencións e tratamento de ser humano: ten o seu médico, a súa sepultura...

f) Platero é loitador pola liberdade, e protesta tamén cando se ve contrariado.

g) Axuda ós demais cando están en apuros, e sofre cos amigos.

h) Juan Ramón concédelle a inmortalidade, máxima cualidade humana.

O capítulo XXXIX "AGLAE" servirá especialmente para estudar estas cuestións a través das seguintes actividades:

- Escoller palabras que nos cinco primeiros párrafos indican o tratamento humano que Juan Ramón dedica a Platero.

- Distingui-las que fan referencia a cualidades de Platero e as que indican os sentimentos de J. Ramón cara Platero.
- Hai un vocativo que expresa a máxima humanización. ¿Cál é?
- Buscar frases que indiquen:
 - Platero forma parte da familia de Juan Ramón.
 - Platero é querido e mimado.
 - Platero sinte vergoña ó ser piropeado.

CAPÍTULOS PARA ESTUDIA-LA HUMANIZACIÓN DE PLATERO

I	Platero	LIII	Albérchigos
II	Mariposas blancas	LIV	La cox
V	Escalofrío	LXVIII	Domingo
VI	La miga	LXXVII	El vergel
VIII	Judas	LXXIX	Alegría
IX	Las brevas	LXXXI	La niña chica
X	Angelus	LXXXIII	El canario se muere
XI	El moridero	LXXXVIII	Tarde de octubre
XII	La púa	LXXXIX	Antonia
XXX	El canario vuela	CII	Susto
XXXI	El demonio	CXIV	El alba
XXXII	Libertad	CXVI	Navidad
XXXIV	La novia	CXXI	La corona del perejil
XXXV	La sanguijuela	CXXII	Los reyes Magos
XXXVII	La carretilla	CXXVI	Carnaval
XXXIX	Aglas	CXXXII	La muerte
XLIII	Amistad	CXXXII	Nostalgia
XLVII	El Rocío	CXXXVIII	Moguer 1916

3C. A ADXECTIVACIÓN

Consideramos importante estudia-lo uso que fai Juan Ramón do adxectivo. Sabemos que o adxectivo é para a lingua literaira o que para a pintura é a color; o escritor colorea cos adxectivos.

A nosa experiencia educativa dinos que o alumno, en xeral, é moi avaro utilizando adxectivos nas súas composicións escritas; atopa grandes dificultades para acompañalo nome dalgún adxectivo.

Por iso cremos necesario facer ver ós alumnos como Juan Ramón usa e "abusa" da adxectivación para conseguir-lo máis alto grado de beleza. Ás veces parece que lle dá máis importancia a como expresa-las ideas que á mensaxe mesma.

Estudíamo-lo capítulo IX "LAS BREVAS" realizando estas actividades:

- Busca-los adxectivos deste capítulo.
- Seleccionar aqueles que noutro texto poidan funcionar como nomes.
- Formar un grupo con adxectivos verbais.
- Neste texto hai dous sinónimos. ¿Que adxectivos lles corresponden?
- ¿Por que aplica os adxetivos BLANDO e AZUL á palabra DILUVIO?
- ¿Por que CRUDA é o adxectivo para o nome ALBA?
- ¿Que quere significar "ola prisionera"?
- O adxectivo INFELIZ está aplicado a Platero. ¿Que quere dicir?
- Buscar adxectivos epítetos.

4C. O TEMPO

En PLATERO Y YO, selección de estampas da vida real, Juan Ramón móstranos a través de Moguer a ledicia e a tristura do ser andaluz. A dor física e moral, a inxusticia social, a morte, desfilan por este libro, o mesmo que as festas, os costumes, os animais e os obxectos familiares.

Arroupado todo polo lirismo e beleza que a Natureza lles proporciona. A Natureza móstrasenos nesta obra lucindo as súas mellores galas ó logo de todo o ano. Hai catro capítulos adicados exclusivamente á exaltación das catro estacións:

- A PRIMAVERA (Cap. XXV). As flores, os paxaros, as bolboretas, o sol, a ledicia, o ben-estar, a sensación de xuventude invaden o capítulo, envoltos en colorismo e adxectivación que nos fan sentila por tódolos sentidos, especialmente a vista e o oído: "El sol pone en la tierra su alegría de plata y oro; mariposas de cien colores..." "¡Libre concierto de picos, fresco y sin fin!".
- O VERÁN (Cap. LXV). Os tabáns, a carricanta, o ardor do sol, os paxaros nas polas, fannos senti-la calor desta época do ano, mitigada pola sombra da nogueira e o fresco das sandías.
- O OUTONO (Cap. LXXXV). Móstranos un sol folgazán, espido, que fai senti-lo fresco desta estación. O vento do norte move as ponliñas caídas, e as árbores amarelas mostran o ocaso na súa plenitude.
- O INVERNO (Cap. CXVIII). A chuvia limpa todo. O sol instantáneo, débil, o arco da vella recóllennos en contemplación.

Non se esgotan nestes catro capítulos as referencias á Natureza; está presente en case tódolos capítulos; a Natureza está na base de tódolos recordos do autor, e por medio dela se eleva da tristura, fealdade, inxusticia e morte.

A referencia ó tempo, que xa estudiamos nas estacións, aparece tamén de maneira concreta en "ATARDECER", "ANOCHECER", "NOCTURNO", "IDILIO DE ABRIL", "TARDE DE OCTUBRE", "IDILIO DE NOVIEMBRE", ou por medio das festas "CORPUS", "EL ROCÍO", "NAVIDAD", "REYES MAGOS", "CARNAVAL". Todo é motivo de reflexión, observación, crítica, mais sempre poesía.

ESTUDIO DO CAP. XIII "Golondrinas":

- Selecciona-las expresións temporais.
- ¿Quen é o suxeito principal do texto?
- ¿De que depende toda a acción do texto?
- ¿Que lles ocorre ás galiñas e ás andoriñas por causa do tempo?
- Explica-lo diferente comportamento das andoriñas no primeiro día da súa chegada.
- Sinónimos: Ocaso e aurora.
- Tempo interno e externo.
- Escribi-lo trozo do párrafo onde as expresións temporais aparecen tratadas de maneira máis poética.

5C. ESTUDIO DOS PERSONAXES

Para facilita-lo traballo e evita-las divagacións, pídesse ós alumnos que contesten, ó realiza-lo estudio dos personaxes, a unha serie de preguntas-guía, pero antes explicámo-los conceptos:

- Personaxe simbólico: Aquel que está representando por un símbolo, por algunha semellanza que o escritor encontra entre eles. Ex. O cabalo alado, símbolo do coche veloz.
- Personaxe fantástico: O creado polo escritor. Ex. Supermán.
- Personaxe real: O que é e actúa en todo tempo coma un ser real, que pode existir na realidade.

Preguntas-Guía para o estudio dos capítulos EL DEMONIO (XXXI) e DARBON (XXXVII):

- ¿Son personaxes reais, simbólicos, imaxinarios...?
- Aspecto físico e psíquico.
- Caracterización directa ou indirecta.
- ¿E un personaxe hipócrita, inxusto, cariñoso, malvado...?
- ¿Resúltache simpático ou antipático este personaxe? ¿Por que?
- ¿Que figura literaria utiliza o escritor ó describi-lo personaxe?
- ¿Que frase do texto che chamou máis a atención?

Relación de capítulos nos que se poden estudia-los personaxes:

- VII El loco
- VIII Judas
- XVII El niño tonto
- XXIV Don José el cura
- XXXI El demonio
- XXXIII Los húngaros
- XXXVI Las tres viejas

XXXVII	Darbón
XLIX	El tío de las vistas
LXXIV	Sarito
LXXXI	La niña chica
LXXXII	El pastor
LXXXIX	Antonia
XCIV	Pinito
XCVIII	Lipiani
CXLII	El niño y el agua
CXLVI	La tísica

ESTUDIO DAS FESTAS

Técnica: Traballo en equipo.

Duración: Unha sesión.

Capítulo: CXXXVI EL CARNAVAL

Eleximos este capítulo por coincidi-la realización deste traballo co mes de febreiro, data das festas de carnaval, e polo tanto os alumnos estarían máis motivados.

Preguntas-Guía:

- Escenario da acción
- Epoca na que suceden os feitos
- Que tempo dura (interno ou externo)
Tempo interno: Abarca o que se conta.
Tempo externo: O cronolóxico.
- ¿Rural ou urbana?
- ¿Sucede na realidade ou só na mente dos personaxes?
- Atmósfera de: misterio, ledicia, amor, anguria...

Empregamos outra sesión de ACTIVIDADES DE VOCABULARIO segundo este esquema:

- Diccionario: conceptos de aparejo, bullanguero, yergue, alacrán, almireces.
- Orden alfabético das palabras anteriores.
- Redactar frases coas palabras anteriores.
- Adxectivos para a palabra CARNAVAL, tendo en conta como se festexa na nosa terra.

CAPÍTULOS A ESTUDIAR:

XLVII	El Rocío
LVI	Corpus
LXXI	Vendimia
CXVI	Navidad
CXXII	Los Reyes Magos
CXXVI	Carnaval

IV. Para conectar coa realidade socio-lingüística propúxose a tradución ó galego do capítulo XXX EL CANARIO VUELA:

O CANARIO VOA.- Un día, o canario verde, non sei como nin por que, voou da súa gaiola. Era un canario vello, recordo triste dunha morta, ó que eu non dera liberdade por medo a que morrese de fame ou frío ou a que o comesen os gatos.

Andou toda a mañá por entre as milgrandes da horta, no piñeiro da porta, polas lilas. Os nenos estiveron, a mañá enteira tamén, sentados na solaina, pampos polos curtos voos do paxariño amarelo. Ceibe, Platero, folgaba xunto das roseiras, xogando cunha bolboreta.

Á tardiña, o canario veu para o tellado da casa grande, e alí quedou por moito tempo, latexando no morno solpor. De súpeto, e sen ninguén saber como nin por que, apareceu na gaiola, outra vez ledó.

¡Que ledicia no xardín! Os nenos brincaban batendo as mans, enrubescidos e rindo coma auroras. Diana, tola, seguíaos, ladrándolle á súa propia e ridora campaña. Platero, contaxiado, nunha oleaxe de carnes de prata, coma un cabuxiño, choutaba, xiraba sobor das patas, nun valse toscó, e poñéndose nas mans tiraba couces ó aire claro e mol.

V. CONCLUSIÓN XERAIS

- Comprobamos que PLATERO Y YO resultou unha obra difícil e, en xeral, pouco atractiva para estes alumnos debido a que non é unha historia lineal no seu contido.
- Por iso coidamos que para unha animación lectora son máis axeitados libros do estilo de VEVA ou BEN QUIERE A ANNA.
- Con todo, consideramos importante o estudo de PLATERO Y YO, ou libros deste tipo, para ir favorecendo pouco a pouco a sensibilidade poética e estética dos alumnos, en xeral pouco acostumados a esta maneira de estudar.
- Constatámo-la dificultade que supón para a educación na sensibilidade artística, poética, estética, espiritual... o entorno consumista e materialista que rodea a estes alumnos.
- Tamén apreciamos-la falta de capacidade de síntese e asimilación ó estudiaren determinados aspectos dos capítulos elexidos.
- Resultaron máis atractivas aquelas actividades de tipo mecánico; por ex. busca de adxectivos, estudo dos animais...
- Valoramos positivamente o traballo en equipo.